

CURSO 2008-2009

C.E.I.P. ESTEIRO. FERROL

PROXECTO LINGÜÍSTICO



ÍNDICE

1.	Xustificación legal.	Páxina 3
2.	Determinación do contorno sociolingüística do centro.	Páxina 4
2.1.	Situación do contexto sociolingüístico do centro.	
2.2.	Situación do sector do profesorado.	
2.3.	Situación do sector do alumnado	
2.4.	Ambientalidade lingüística	
2.5.	Indicador global. Definición do contorno lingüístico do centro.	
3.	Obxectivos concretos de etapa e ciclo.	Páxina 8
4.	Medidas académicas	Páxina 9
4.1.	Materias do currículo e lingua en que se imparten.	
4.2.	Estraxias didácticas relacionadas co uso das linguas	
4.3.	Medidas de apoio e reforzo	
5.	Actividades de dinamización lingüística do centro	Páxina 13
5.1.	Plan de Fomento do uso da lingua galega	

1. XUSTIFICACIÓN LEGAL

<p>Constitución española. 1978</p>	<p>Artigo 3: "As outras linguas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades autónomas...". Artigo 20: "...respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España".</p>
<p>Estatuto de Autonomía. 1981</p>	<p>Artigo 5: "A lingua propia de Galicia é o galego", etc.</p>
<p>Lei de Normalización Lingüística, 3/1983</p>	<p>Todo o Título III</p>
<p>Galicia. Decreto 124/2007 de 28 de xuño</p>	<p>Regúlase o uso e a promoción do galego no sistema educativo. Art. 14: Proxecto lingüístico do centro. 1. Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico, no cal se fará constar: a) As linguas que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento distintos dos sinalados nos artigos 7º a 12º. b) As oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo, co fin de alcanzar o obxectivo xeral establecido na Lei de normalización lingüística e na LOE no que afecta o fomento de plurilingüismo. c) Os criterios para determinar a lingua predominante do contorno a que se refire o artigo 7º deste decreto. d) As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan. 2. O proxecto lingüístico formará parte do proxecto educativo do centro . Será redactado por unha comisión do profesorado do centro, designada polo equipo directivo, oída a comisión de coordinación pedagóxica. Na súa composición terán especial relevancia o equipo de normalización e dinamización lingüística e os compoñentes dos departamentos das outras linguas. 3. O proxecto lingüístico do centro será aprobado e avaliado polo Consello Escolar do centro educativo. 4. Este proxecto remitiráselles aos servizos da inspección antes do 30 de setembro de cada ano, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da LOE. Co fin de reparar as eivas detectadas en cada curso, adoptaranse as medidas que permitan dispor dos medios materiais e persoais precisos para corrixilas no curso seguinte. 5. Así mesmo, no marco do proxecto lingüístico, fomentárase o uso da lingua galega nas actividades complementarias e actos que o centro organice. 6. En todo caso, para facer efectivo o dereito á educación, o profesorado adoptará as medidas oportunas coa finalidade de que o alumnado que non teña o suficiente dominio da lingua galega poida seguir con proveito as ensinanzas que nesta lingua se lle impartan. 7. Sen prexuízo do previsto na epígrafe 4 deste artigo, a Administración educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coa finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística previa de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.</p>

**2. 1. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO:
CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO**

- LINGUA HABITUAL DOS FOGARES
 - Só castelán.
- LINGUA HABITUAL NAS INTERACCIÓNS COMUNITARIAS
 - Predomina o galego.
- LINGUA EMPREGADA POLO CONCELLO NA COMUNICACIÓN COS ADMINISTRADOS
 - Predomina o galego.
- LINGUA EMPREGADA POLAS ENTIDADES ASOCIATIVAS DO CON-TORNO
 - Predomina o castelán.

CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

I1 = 3'2.....Castelán e galego por igual

FONTES SECUNDARIAS PARA A DETERMINACIÓN DO I1 (Contexto sociolingüístico do centro.

CENSO DE POBOACIÓN E VIVENDAS	
Población total	75181
De 0 a 15 anos	8571
De 16 a 64	49691
De 65 e máis anos	16919
Población estranxeira	1414
Saldo vexetativo	-356
Saldo movemento migratorios	-518
Taxa de reemplazo	0,5
Índice de envellecemento	148
Renta media anual	10.492€ (última das sete cidades galegas)
Taxa de paro	8,3%
Taxa paro homes	5,7%
Taxa paro mulleres	10,6%
Peso da industria/Galicia	1,5% (última das sete cidades galegas)

**A poboación está estancada desde hai moitos anos.
O índice de envellecemento é preocupante.
A taxa de reemplazo é unha das máis baixas do mundo.
A renda media sitúanos no último lugar de Galicia.
O paro ten especial incidencia nas mulleres.
O declive industrial é manifesto.**

- **O incremento de poboación estranxeira (cerca do 2%), a pesar de ser manifesto segue moi alonxado da media nacional.**

2. 1. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO: FONTES SECUNDARIAS (Cont.)

DESCRIPCIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DE FERROL	
Lingua inicial	
Só castelán	54,6%
Só galego	15,9%
Nas dúas	28,5%
Competencia lingüística	(máximo 4-mínimo 0)
Entenden galego	3,56
Len galego	3,16
Falan galego	3,37
Escriben galego	2,51
Lingua habitual	
Só castelán	36,1%
Máis castelán	36,6%
Máis galego	19,2%
Só galego	8,2%
Lingua habitual por idades	(1-máis castelán / 4-máis galego)
<16	1,43
16-25	1,45
26-40	1,85
41-65	2,21
>65	2,52
Caída interxeracional no uso galego	1,09
Ferrol en xeral (análise multidimensional)	Máis castelán
Lingua habitual das clases medias	Sen variación apreciable con respecto á xeral.
Ferrol constitúe un dos puntos da xeografía galega máis castelanizados.	

FONTES UTILIZADAS
Censo de poboación e vivendas. I.G.E.-I.N.E.
Enquisa de condicións de vida das familias. I.G.E.
Mapa sociolingüístico de Galicia. R.A.G.
La Voz de Galicia.
P.E.C. do CEIP Esteiro.
P.C.C. do CEIP Esteiro.
PXAs dos últimos cursos escolares do CEIP Esteiro.

ENQUISA DE CONDICIÓNS DE VIDA DAS FAMILIAS	
Taxa de analfabetismo > 16 anos	1%
Educación infantil	1724
Educación Primaria	3394
E.S.O.	2635
Bacharelato	1149
Ciclos formativos	1601
Beneficiarios RISGA-AES	374
Vivendas e problemas detectados	
Total vivendas	28501
Ruidos exteriores	8316
Contaminación	4375
Pouca limpeza nas rúas	10316
Malas comunicacións	4838
Poucas zonas verdes	12662
Delincuencia ou vandalismo	7914
Falta servizos de aseo na vivenda	321
A poboación menor de 16 anos está escolarizada. Os problemas detectados nas vivendas ferrolás son considerables.	

O GALEGO NO COLEXIO EN CURSOS ANTERIORES	
P.E.C.	Apdo. 3.10. sobre Normalización Lingüística, e no apdo. 5 titulado "Obxectivos do Centro tendentes a lograr a normalización lingüística".
P.C.C.	Apdo. denominado "Plan xeral para o uso do idioma". Utilizarase a lingua galega con normalidade en cantas situacións comunicativas sexa posible. Empregaranse harmónicamente recursos expresivos que redunden nunha maior fluidez oral e máis escrita. Potenciarase a lingua galega nas actividades do centro, actas, comunicacións, letreiros..., para que o uso administrativo sexa do cento por cento. Procurarase que o conxunto do profesorado e os demais estamentos da Comunidade Educativa colaboren activamente para que se acaden todos os obxectivos planeados anteriormente.
P.X.A.	Contemplado en todas e cada unha das P.X.A.s anteriores. En todas elas faise un deseño das actividades máis importantes a desenvolver no curso escolar. A articulación destas actividades constitúe o PLAN DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

**2. 2. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO:
SITUACIÓN DO PROFESORADO**

- LINGUA HABITUAL DO PROFESORADO
 - Predomina o castelán.
- CAPACIDADE DO PROFESORADO PARA EMPREGAR O GALEGO NA ACTIVIDADE DOCENTE
 - Media.
- DISPOSICIÓN DO PROFESORADO PARA FACER CURSOS DE RECLAXE E ACTUALIZACIÓN
 - Boa
- ACTITUDE DO PROFESORADO CARA Á UTILIZACIÓN DO GALEGO NO ÁMBITO EDUCATIVO.
 - Favorable.
- ACTITUDE DO PROFESORADO CARA Á NORMALIZACIÓN SOCIAL DO GALEGO.
 - Favorable.

ÍNDICE DE DISPOÑIBILIDADE DO PROFESORADO PARA IMPARTIR DOCENCIA EN GALEGO

I2 = 3'1Moderada.

**2. 3. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO:
SITUACIÓN DO ALUMNADO**

- LINGUA HABITUAL DO ALUMNADO
 - Só castelán.
- LINGUA HABITUAL DA SÚA FAMILIA
 - Só castelán.
- LINGUA USADA POLO ALUMNADO NO ÁMBITO ESCOLAR
 - Castelán e galego por igual.
- COMPETENCIA COMUNICATIVA EN GALEGO QUE TRAEN DA ETAPA ANTERIOR.
 - Aceptable.
- ACTITUDE DO ALUMNADO CARA Á UTILIZACIÓN DO GALEGO NO ÁMBITO EDUCATIVO.
 - Favorable.
- ACTITUDE DO ALUMNADO CARA Á NORMALIZACIÓN SOCIAL DO GALEGO
 - Favorable.

PRESENZA DO GALEGO NA VIDA DO ALUMNADO

I3 = 2'5.....Entre pouca e moderada

**2. 4. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO:
AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA**

- PRESENZA DA LINGUA GALEGA NA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, NO ROTULADO DO CENTRO, NAS NOTAS INFORMATIVAS DOS TABOLEIROS, ETC.
 - Plena.
- EMPREGO DA LINGUA GALEGA NAS INTERACCIÓNS CO ALUMNADO, COAS FAMILIAS E CON OUTRAS INSTITUCIÓN.
 - Amplo.
- EMPREGO DA LINGUA GALEGA NAS INTERACCIÓNS CO ALUMNADO EN CONTEXTOS INFORMAIS.
 - Moderado.
- EMPREGO DA LINGUA GALEGA POR PARTE DO PERSOAL NON DOCENTE DO CENTRO.
 - Amplo.
- EMPREGO DA LINGUA GALEGA POR PARTE DA ANPA.
 - Escaso.
- EMPREGO DA LINGUA GALEGA NA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.
 - Escaso.
- DOTACIÓN DE FONDOS EN GALEGO NA BIBLIOTECA
 - Aceptable.
- PRESENZA DA LINGUA GALEGA NA UTILIZACIÓN DAS TIC
 - Aceptable.
- VISIBILIDADE DAS ACCIÓNS DO ENDL
 - Ampla.

PRESENZA AMBIENTAL DO GALEGO NO CENTRO

I4 = 3'35.....Moderada.

**2. 5. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO:
INDICADOR GLOBAL. DEFINIÇÃO DO CONTORNO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.**

- Este resultado global vese aumentado pola influencia do uso que fai o profesorado da lingua galega e tamén polo uso completo da administración do centro.
- A enquisa, polo tanto, introduce un sesgo que desvirtúa un dato importantísimo: os nenos e nenas fan un uso testimonial da lingua galega.

INDICADOR GLOBAL

O CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

IG = 2'98

Contorno con similar presenza das dúas linguas

3. OBXECTIVOS CONCRETOS DE ETAPA E CICLO

<p>Educación Infantil</p>	<p>OBXECTIVOS DE ETAPA Tomar conciencia do propio corpo identificándoo global e segmentariamente. Recoñecer os sentidos como fontes de sensacións empregándoos para o coñecemento do seu mundo circundante. Adquirir destrezas e habilidades manipulativas aplicándoas ao manexo de útiles e materiais presentes no seu contorno. Adquirir o control postural e dinámico do seu corpo mantendo o equilibrio necesario entre a seguridade e o desafío na exploración e no descubrimento. Tomar conciencia das características persoais identificando as calidades que o definen como individuo singular. Afianzar a propia personalidade equilibrando a afirmación das preferencias co respecto ás necesidades comúns do grupo. Adquirir autoestima esforzándose no desenvolvemento das actividades cotiás. Controlar o propio comportamento relacionando a identificación das emocións e intereses coa interiorización das normas e valores sociais. Tolerar a frustración demorando a satisfacción dos desexos. Satisfacer as súas necesidades básicas adquirindo hábitos de coidado persoal.</p> <p>OBXECTIVOS CONCRETOS DE CICLO Os previstos, en liñas xerais, no Decreto _____, que establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Ditos obxectivos poderán ser modificados e/ou complementados no inicio de cada curso escolar e nas avaliacións que se realicen ao longo deles.</p>
<p>Educación Primaria</p>	<p>OBXECTIVOS DE ETAPA * Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá. * Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación. * Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico. * Usar, en situacións relacionadas coa escola e coa súa actividade, as diversas clases de escritos coa axuda dos cales se produce a comunicación, tanto entre as persoas como destas coas institucións públicas ou privadas. * Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes. * Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o disfrute e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas. * Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria galega para desenvolver hábitos lectores. * Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil galega adecuados en canto á temática e complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria. * Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor. * Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e sobre as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos. * Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.</p> <p>OBXECTIVOS CONCRETOS DE CICLOS Os previstos, en liñas xerais, no Decreto 130/2007 (DOG 09-07-07), Anexo II, que establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Ditos obxectivos poderán ser modificados e/ou complementados no inicio de cada curso escolar e nas avaliacións que se realicen ao longo deles.</p>

4. MEDIDAS ACADÉMICAS

4.1. MATERIAS DO CURRÍCULO E LINGUA EN QUE SE IMPARTEN

<p>EDUCACIÓN INFANTIL</p>	<p>Área de Coñecemento do contorno e interacción co mundo (100%). Área de Linguaxes: comunicación e representación (50%). Área de autocoñecemento e autonomía (proceso gradual de integración na lingua galega).</p>
<p>EDUCACIÓN PRIMARIA 1º CICLO</p>	<p>Matemáticas. Coñecemento do Medio Lingua Galega. Educación Física. Educación Musical. Total: 17 horas Total: 68%</p>
<p>EDUCACIÓN PRIMARIA 2º CICLO</p>	<p>Matemáticas. Coñecemento do Medio Lingua Galega. Educación Física. Educación Musical. Total: 16 horas Total: 64%</p>
<p>EDUCACIÓN PRIMARIA 3º CICLO</p>	<p>Matemáticas (bilingüe no 5º nivel: o colexio ten aprobada unha Sección Bilingüe nesta área). Coñecemento do Medio Lingua Galega. Educación Física. Educación Musical. Total: 16 horas Total: 64%</p>

4.2. ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS

Educación Infantil	<p>É importante ofrecerlles ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Para iso pódense empregar diversas estratexias e recursos: a través de preguntas, follas de planificación, cos seus propios debuxos, opinións e propostas nos tempos de faladoiro, e mesmo a caixa de suxestións.</p>
	<p>A organización de proxectos, consensuados, negociados e levados a cabo colectivamente polo grupo; a realización de asembleas para comentar acontecementos ou discutir e decidir determinados aspectos da actividade diaria, constitúen valiosas estratexias que a persoa docente utilizará porque son altamente motivadoras e favorecen o desenvolvemento das relacións interpersoais, o establecemento de vínculos afectivos, así como que a nena e o neno se sintan membros do grupo e participen activamente nel.</p>
	<p>A formulación de preguntas abertas por parte da mestra ou mestre acerca de determinados feitos ou situacións, á parte de estimular a linguaxe infantil, contribúe eficazmente a ensinalles ás nenas e aos nenos a facerse interrogantes pertinentes e a buscar respostas axeitadas. Promovendo o diálogo e o intercambio de opinións sobre calquera tema que se estea investigando na aula.</p>
	<p>É imprescindible destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa, xa que as cativas e os cativos, mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman -formas, tamaños, espazos, volumes, establecen relacións, deseñan situacións, e invisten a acción coa súa emocionalidade e simbolismo; manifestan a través desta actividade lúdica as súas vivencias e experiencias e van afondando en novos niveis de relación e de interacción.</p>
	<p>A afectividade debe ser o fío condutor de toda situación de ensinoaprendizaxe. As nenas e os nenos deben sentirse seguros e construír coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva.</p>
Educación Primaria	<p>Estratexias activas que potencien as aprendizaxes significativas.</p>
	<p>Atender á diversidade de alumnos tanto no referente a contados como na práctica docente.</p>
	<p>Potenciar as aprendizaxes cun forte sentido interactivo e cooperativo.</p>
	<p>Usar métodos que permitan sentir aos alumnos/as a necesidade da información, da súa localización, selección e uso ético.</p>
	<p>Usar enfoques que permitan o uso autónomo das T.I.C. E dos recursos da biblioteca como recurso de aprendizaxe.</p>
	<p>Favorecer o rol do profesor como mediador na construción autónoma de aprendizaxes (contextos cotiáns, contornos seguros e motivadores...).</p>
<p>Uso da avaliación formativa.</p>	

4.3. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO

	MEDIDAS
Referentes ao equipo directivo	O Equipo directivo fará fincapé para que a comunidade escolar coñeza con rapidez a diversa información que, relativa á lingua galega, é publicada a cotío por medios de comunicación e organismos oficiais.
	O Equipo directivo estimulará a realización de cursos/xornadas/seminarios... do profesorado que incidan na súa competencia lingüística e na súa competencia pedagóxica sobre contidos que supoñan o aumento do emprego da lingua galega no ensino diario.
	Promover plans de lectura ao través da implementación do Plan Lector e, na actualidade, do Plan de Mellora de Biblioteca (Planbe).
	Promover a rotulación das diversas dependencias e o ornato dos corredores e aulas preferentemente en lingua galega.
Referente aos actos públicos e as relacións con outras institucións	Favorecer o uso da lingua galega en canto acto público celebre o colexio.
	Compromiso do centro en canto a participación en actos externos á institución de posta en valor da lingua galega.
	O centro colaborará coas institucións que promovan o uso da lingua galega no contorno.
	O centro promoverá o intercambio e a colaboración con outros colexios para recabar información que mellore a práctica docente nesta área.
No campo das TIC	Dado o uso cada día máis considerable das ferramentas informáticas, dotarase a todos os puntos terminais de programas en lingua galega (tradutores, procesadores de texto, navegadores...); en igualdade, preferirase o implementado en galego.
	Promocionar a través dos medios informáticos os recursos didácticos referentes á lingua galega e presentes na rede.
	Promover a presenza do colexio na rede (páxina web, blogs...) en lingua galega.
Referente ao proceso de integración de nenos/as que descoñezan a lingua galega	O centro, na medida que permita a súa dotación de profesorado, promoverá a mellor integración na lingua galega daqueles nenos e nenas chegados de fóra de Galicia, procurando horario de apoio para a súa rápida inmersión no idioma.
	O centro promoverá a creación dun voluntariado formado por alumnos e alumnas de cara á recepción de nenos e nenas que se incorporen ao colexio desde lugares lonxanos a Galicia.

4.3. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO (Cont.)

CONTEXTO	MEDIDAS
Referente ao ENDL	Apoiar decididamente (equipo directivo e demais profesorado) as accións levadas a cabo polo ENDL.
	O centro prestará asesoramento en canto documento oficial elabore a comunidade escolar. A tal fin, o ENDL promoverá a un dos seus membros para desenvolver dito traballo.
Referente á avaliación	O Centro promoverá a avaliación da materia de lingua galega dun xeito continuo global e formativo.
	Cada titor, co apoio do departamento de orientación, tan pronto detecte dificultades de aprendizaxe da lingua galega adoptará medidas de reforzo educativo que corrixan dita situación.
Referente ao profesorado	Potenciar o uso do galego como lingua de relación do profesorado entre si e cos alumnos/as.
	Favorecer a produción de documentos colectivos (revistas, boletíns...) en lingua galega.
	Compromiso do profesorado por velar pola súa propia corrección lingüística nos usos orais e máis escritos.
	Velar pola dignificación da lingua galega promovendo a eliminación de tabús e prexuízos e favorecendo o seu uso ao través do seu propio modelo persoal.
	Esixencia aos alumnos/as de que falen en lingua galega en todas as clases que se imparten Nela.
Referente ao xogo popular	Favorecer a participación e o desenvolvemento nas manifestacións culturais que de xeito tradicional se desempeñan na lingua galega, con énfase especial nas relacionadas co xogo popular por ser o noso colexio sede dun museo desta área da cultura.
	Continuar promovendo a recompilación de xogos e xoguetes populares de orixe galega para completar a exposición do Museo Do Xogo Popular do Colexio.
Referente ás familias	Realizar todas as comunicacións por escrito coas familias en lingua galega.
	Ir incrementando paulatinamente nas comunicacións presenciais o uso da lingua galega.
	Favorecer o uso da lingua galega nas actividades extraescolares.
	Informar puntualmente ás familias do proxecto plurilingüista do colexio.
Referente ao orzamento	Compromiso de compra ao través dos orzamentos anuais de materiais didácticos en calquera formato (libros, CD, DVD...) en lingua galega para favorecer o ensino das áreas vehiculadas en lingua galega segundo foron consensuadas neste mesmo Proxecto.

5. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

5.1. PLAN DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA

CONSIDERACIÓNS XERAIS		1. PÁXINA WEB	
INTRODUCCIÓN	O conxunto do profesorado e os órganos de goberno deste Colexio, quen continuar co Plan de Fomento da Lingua Galega que o Equipo de Normalización Lingüística elaborou e está a estimular cada día, polo que se ratifica na idea común de ampliar a área de influencia a novas áreas e materias do currículo de todos os niveis educativos.	OBXECTIVOS	Utilizar a lingua galega en todas as situacións comunicativas. Potenciar a lingua galega en todas as actividades do centro. Comunicarse en lingua galega con nenos e nenas doutros centros educativos ao través das TIC dentro do espazo de emprego curricular das novas tecnoloxías. Que as novas tecnoloxías reflectan a actividade cotiá dos nenos e nenas e que, polo tanto, contribúan a asentar a súa identidade como grupo.
OBXECTIVO XERAL	Incrementar o uso oral e máis escrito da lingua galega.	CONTEXTO	Escaso uso das TICs no ámbito escolar e familiar. Proxecto a longo prazo (P.X.A.) do centro no ámbito das TICs. Modelo de Páxina web con uso no curso anterior, pero con desexos de que sexa máis participativa; para elo, imos promover a nosa incorporación ás "Webs dinámicas" da Consellería de Educación.
CONTEXTO	Todas as accións están incluídas na P.X.A. Incluído no Proxecto Lingüístico do centro. Poboación de nenos e nenas situada no barrio de Esteiro, barrio con historia de seu en Ferrol. Poboación infantil castelánfalante nun 95%. Poboación infantil que entende e non rexeita a lingua galega. Familias, na súa maioría, con perda da lingua dos avós; reconvertidos á lingua castelá. Nivel socioeconómico medio-baixo. Cun 15% de nenos e nenas de etnia xitana.	ACCIÓN	Actualización da páxina web do colexio, acolléndonos ás Webs dinámicas da Consellería de Educación.
ACCIÓNS	As que se expoñerán máis adiante: Páxina Web. Blogs escolares. Festas tradicionais. Conmemoracións. Exposicións. Revista escolar. Xogos populares. Teatro. Museo do Xogo Popular.	PARTICIPANTES	Equipo directivo (mantemento). Dinamizador das TICs. Profesorado (introdución de información dos seus ámbitos de traballo). Familias (aportación de informacións e puntos de vista). Nenos e nenas (aportacións escolares e experienciais). Uso regulamentado nunha hora semanal tomada da área de Coñecemento do Medio.
PARTICIPANTES	Segundo os casos: Todos os nenos e nenas do Colexio. O profesorado. A.N.P.A., AD Esteiro e familias. Concello de Ferrol.	TEMPORALIZACIÓN	Posta a punto da páxina durante o verán 2008. Traballo ao longo do curso e en sucesivos cursos (plurianual).
TEMPORALIZACIÓN	Ao longo de todo o curso. A maioría, son accións institucionalizadas: multianuais.	MATERIAIS	Ordenadores do Colexio (dirección, sala de profesores, de aulas e da aula de informática). Cámara fotográfica. Diferente software.
IMPACTO	A maioría na comunidade escolar. Algunha con vocación externa.	IMPACTO	Integración de esforzos do profesorado (loita contra do illamento profesional). Visibilización dos esforzos do Colexio cara ás familias (loita contra do anonimato do esforzo diario profesional). Encontro dos nenos e nenas por enriba dos muros das aulas. Posta en valor dos esforzos do Colexio de cara ao entorno escolar próximo (intercambio de experiencias con outros colexios) e co entorno social máis próximo.

5. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO (Cont.)

5.1. PLAN DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA

2. BLOGS ESCOLARES		3. FESTAS TRADICIONAIS	
OBXECTIVOS	<p>Acercamento da actividade escolar aos pais e nais. Utilizar a lingua galega en todas as situacións comunicat. Potenciar a lingua galega en todas as actividades do centro. Comunicarse en lingua galega con nenos e nenas doutros centros educativos ao través das TIC dentro do espazo de emprego curricular das novas tecnoloxías. Que as novas tecnoloxías reflectan a actividade cotiá dos nenos e nenas e que, polo tanto, contribúan a asentar a súa identidade como grupo.</p>	OBXECTIVOS	<p>Que todos os nenos e nenas do noso Colexio sexan quen de: Comprender a importancia de manter as tradicións de Galicia. Elaborar materiais diversos relacionados coas festas tradicionais, utilizando a lingua galega Elaborar redaccións, comics, murais, cancións... Expresar oral e graficamente ideas sobre as festas populares, as súas orixes e repercusións. Participar con poesías, cantos, bailes, contos... en lingua galega ante pequenos e grandes grupos. Participar na páxina web do Colexio con producións referidas a estas festas.</p>
CONTEXTO	<p>Escaso uso das TICs no ámbito escolar e familiar. Proxecto a longo prazo (P.X.A.) do centro no ámbito das TICs. Experiencia de dous blogs iniciados o curso pasado: o que narrou a experiencia do grupo de alumnos que participaron nun programa de Inmersión Lingüística en lingua inglesa, e o que describiu un sin número de experiencias da aula de 2º de E. Primaria.</p>	CONTEXTO	<p>Desde os seus comezos, o CEIP Esteiro mantén unha forte tradición neste tipo de celebracións. O contorno social vive unha recuperación interesante destas tradicións mantidas por Asociacións de distinto tipo. Incluído na P.X.A.</p>
ACCIÓN	<p>Elaboración de dous blogs novos: • O que relate a experiencia do grupo de 5º de E. Primaria da Sección Bilingüe. • O que de cobixo ás experiencias da renovada biblioteca tras sernos concedida axuda no Plan de Mellora de Bibliotecas (Planbe). Manter o blog iniciado o curso pasado en 2º de E.P. (agora en 3º de E.P.).</p>	ACCIÓNS	<p>Todas aquelas encamiñadas a celebrar as seguintes festividades: Esfolla, magosto, Samaín, Nadal, Entroido, Maíos.</p>
PARTICIPANTES	<p>Profesora titora de 3º E.P. (tamén bibliotecaria). Coordinadora de Normalización Lingüística. Nenos e nenas de 3º E.P. Nenos e nenas de 5º incluídos na nova Sección Bilingüe. Profesor titor de 5º de E. Primaria. Usuarios da biblioteca.</p>	PARTICIPANTES	<p>Todo o profesorado. Todos os nenos e nenas do colexio.</p>
TEMPORALIZACIÓN	<p>Ao longo do curso escolar. Plurianual. A da biblioteca debe ter clara vocación de permanencia.</p>	TEMPORALIZACIÓN	<p>Outubro: Esfolla. Novembro: Magosto e Samaín. Decembro: Nadal. Febreiro: Entroido. Maio: Maíos.</p>
MATERIAIS	<p>Ordenadores portátiles de aula (3º e 5º E.P.). Ordenadores da biblioteca. Cámara fotográfica, escáner.</p>	LUGAR	<p>Salón de Usos Múltiples. Corredores da planta baixa do Colexio. Pavillón Polideportivo. Páxina web e blogs.</p>
MATERIAIS		MATERIAIS	<p>CDs, cintas de casete. Libros e revistas. Materiais específicos de cada festa (cordas, castañas...) Cartolinas, papeis (embalar, pinocho, seda, celofán...).</p>
IMPACTO	<p>No contorno escolar: familias. Na vida da aula de 3º e 5º. Como modelo a seguir entre o profesorado.</p>	IMPACTO	<p>1. En toda a comunidade escolar.</p>

5. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO (Cont.)

5.1. PLAN DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA

4. CONMEMORACIÓNS		5. EXPOSICIÓNS	
OBXECTIVOS	Reflexionar sobre temas de actualidade, de respecto polo dereitos humanos e de conservación do medio, usando como lingua oral nos seus debates a lingua galega. Elaborar materiais diversos relacionados coas conmemoracións respectivas en lingua galega (redaccións, comics, murais, cancións...) Expressar oral e graficamente ideas sobre as conmemoracións respectivas e as súas repercusións. Aumentar o gusto pola lectura.	OBXECTIVOS	Observar as características dos diferentes períodos do ano en Galicia. Reflexionar sobre a problemática xeral do medio. Ler en lingua galega todo tipo de mensaxes. Falar en lingua galega sobre temas relacionados con todas as áreas do currículo. Respectar e valorar o traballo dos nosos antergos. Crear novos lazos de amizade.
CONTEXTO	Incluídas na P.X.A. De doada implementación: hai moitos anos que se veñen celebrando no colexio. Moi motivadas institucionalmente.	CONTEXTO	Incluídas na P.X.A. Son ben recibidas. A maioría están institucionalizadas. A exposición fotográfica (acción 7) é innovadora. Haberá que avaliar o seu desenvolvemento con atención.
ACCIÓNS	Día da Paz. Día da Árbore. Día do Libro. Semana da Prensa. Semana das Letras Galegas. Día da Música.	ACCIÓNS	Expoñer froitos do outono. Expoñer cabazas (Samaín). Expoñer traballos centrados no Nadal. Expoñer un gran mural adicado á Paz. Expoñer máscaras de entroido. Exposicións fotográficas de todos os momentos colectivos (entrada). Exposición fotográfica non levada a cabo o curso pasado por non conseguir abrir a biblioteca para os nenos/as; estamos en proceso de renovación total polo que abriremos en setembro de 2008: "Un novo amigo e un novo libro, aventuras por descubrir" (nova acción; ver en detalle no anexo I).
PARTICIPANTES	Todos os nenos e nenas do colexio. Todo o profesorado. Persoas externas ao centro: contacontos, escritor... Familias dos nenos e nenas como receptores (festival das Letras Galegas).	PARTICIPANTES	Todos os nenos e nenas do Colexio. Todo o profesorado.
TEMPORALIZACIÓN	30-01-09: Día da Paz. Do 9 ao 13 demarzo: Semana da Prensa. 30 de abril: Día do Libro. Do 11 ao 15 de maio: Letras Galegas. 29-05-09: Día da Música.	TEMPORALIZACIÓN	Ao longo de todo o curso escolar.
LUGAR	Salón de Usos Múltiples: Paz, Música e Letras Galegas. Patio exterior: Árbore. Aulas: Libro, Prensa, Paz e Letras Galegas.	LUGAR	No corredor da planta baixa. No Salón de Usos Múltiples. Na entrada do Colexio.
MATERIAIS	Cintas de vídeos. Discos, cintas de casete, C.D. Libros e revistas. Macetas, árbores, plantas, flores. Cartolinas, papeis (embalar, pinocho, seda, celofán...).	MATERIAIS	Froitos. Papel, cartolinas, escaiola, pinturas, etc. Cámara fotográfica. Tea grande. Expositores.
IMPACTO	En toda a comunidade escolar (a participación dos nenos e nenas e masiva).	IMPACTO	En toda a comunidade escolar. Nos medios de comunicación (polo menos, a 7).

5. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO (Cont.)

5.1. PLAN DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA

6. REVISTA ESCOLAR		7. XOGOS POPULARES	
OBXECTIVOS	Continuar asentando unha das canles de comunicación educativas con máis historia do Colexio. Reflexionar dun xeito breve os logros conseguidos ao longo do curso escolar. Por en valor as empresas colectivas.	OBXECTIVOS	Recitar retahílas, pareados ou trabalinguas acompañando a xogos populares. Participar en xogos cooperativos e solidarios. Incrementar o número de nenos e nenas participantes en xogos que eles non consideran propios do seu sexo. Coñecer os xogos populares das diferentes épocas do ano e a súa relación co entorno. Memorizar textos de rifar en cada xogo. Empregar e respectar as normas de xogo. Introducir a temporalización dos xogos. Participar en encontros con outras comunidades escolares. Manter o xogo popular como un sinal de identidade fund.
CONTEXTO	Moi boa acollida: sería considerado como un gran desastre que non aparecera. Erradicar calquera insinuación do "cortar e pegar" propio da recollida de información en Internet (non é este o seu lugar).	CONTEXTO	O conflito co fútbol está aceptablemente resolto: xa esqueceron o desexo de xogar ao fútbol no tempo do recreo. As clases de E. Física adaptan a súa programación a este sinal de identidade do Colexio. O Colexio é tamén un museo do xogo popular. O Colexio ten unha ludoteca.
ACCIÓNS	Elaboración dunha revista ("Remuiños") con 50-70 páxinas que reflecta o traballo realizado ao longo do curso.	ACCIÓNS	Celebración do Día do Peón. Temporalización dos xogos. Tempo do peón (outono). Tempo do diablo e dos pratos chineses (inverno). Tempo da corda e da goma (primavera). Tempo dos zancos, chapas e canicas (verán). Mercar novos xogos para a ludoteca. Participar nos seguintes encontros: Xogos populares organizados polo Concello de Narón. Nos IV encontros do Xogo Popular Brinquedia (o Colexio é socio fundador desta asociación). O curso pasado non se convocaron.
PARTICIPANTES	Toda a comunidade escolar (ANPA e AD Esteiro teñen o seu lugar dentro dela).	PARTICIPANTES	Todos os nenos e nenas do Colexio. Familias dos nenos. O profesorado.
TEMPORALIZACIÓN	Petición de materiais: ata o 01-04-09 (permitiranse pequenas aportacións en datas posteriores). Maquetación: ata o 01-06-09. Imprenta: 15-06-09. Reparto: día de entrega de notas (22-06-09).	TEMPORALIZACIÓN	Ao longo do curso segundo se expresou máis arriba.
MATERIAIS	Materiais informáticos. Os propios da edición de imprenta. Escolares.	LUGAR	Patio de recreo. Pavillón Polideportivo. Salón de Usos Múltiples.
IMPACTO	En toda a comunidade escolar.	MATERIAIS	Equipos de música, CD. Xoguetes: peóns, pratos chineses, diabolos...
		IMPACTO	En toda a comunidade escolar.

5. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO (Cont.)

5.1. PLAN DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA

8. TEATRO		9. MUSEO DO XOGO POPULAR	
OBXECTIVOS	<p>Representar diferentes dramatizacións de contos, e de obras de teatro, segundo o seu nivel.</p> <p>Vocalizar e entoar con xeito, segundo o personaxe e a situación que representen.</p> <p>Moverse no escenario con graza e soltura.</p> <p>Memorizar os textos que representen.</p> <p>Deshinbirse na presentación diante do público.</p> <p>Confeccionar os escenarios precisos.</p> <p>Representar algunha produción para outras comunidades.</p>	OBXECTIVOS	<p>Ampliar a exposición de xoguetes coa colaboración de toda a comunidade educativa.</p> <p>Entrada no MUPEGA.</p>
CONTEXTO	<p>De gran tradición dentro do Colexio.</p> <p>Asunción das responsabilidades de xeito tradicional: a profesora de E. Musical, as das relixións católica e máis evanxélica...</p> <p>Moi esperadas polas familias.</p>	CONTEXTO	<p>O Museo do Xogo Popular do CEIP de Esteiro ten unha colección exposta en vitrinas de preto de 800 xoguetes. Conta coa colaboración inestimable de Antón Cortizas. Provoca a admiración de canto visitante acude ao colexio. Está incluído no PXA.</p> <p>É o noso sinal de identidade máis forte.</p> <p>Pero está en situación "durminte":</p> <p style="padding-left: 20px;">O voluntarismo do profesorado non é suficiente para que continúe funcionando.</p> <p style="padding-left: 20px;">As accións son cada vez máis complexas e máis caras.</p> <p>Directivos do MUPEGA visitaron as nosas instalacións o curso pasado. Formulouse o compromiso verbal de formalizar un acordo de colaboración.</p>
ACCIÓNS	<p>Creación e representación de obras de teatro sinxelas adaptadas aos diferentes niveis.</p> <p>Representación dunha obra de gran calado para exportar a outras comunidades escolares.</p> <p>Representación da do Nadal no Xeriátrico próximo ao Colexio.</p> <p>Creación dun "camerino" (zona anexa ao escenario) onde se acumulen materiais teatrais para ser utilizados como actividade escolar normal (non se inclúe no orzamento). Esta acción formaba para do Proxecto do curso pasado, pero o Claustro considerou máis urxente o arranxo completo do escenario do Salón de Usos Múltiples.</p>	ACCIÓNS	<p>Asinar un acordo de colaboración co MUPEGA.</p> <p>Incrementar o número de pezas expostas.</p>
PARTICIPANTES	<p>Toda a comunidade escolar (o obra "grande", nenos e nenas de 6º E.Primaria).</p> <p>Familias.</p>	PARTICIPANTES	<p>Un 20% dos nenos e nenas.</p> <p>Equipo directivo.</p> <p>Concello de Ferrol.</p>
TEMPORALIZACIÓN	<p>Ao longo do curso escolar.</p>	TEMPORALIZACIÓN	<p>Ao longo de todo o ano.</p>
LUGAR	<p>Aulas.</p> <p>Salón de Usos Múltiples.</p>	LUGAR	<p>Corredor da planta baixa coa posible incorporación da primeira planta.</p>
MATERIAIS	<p>Murais</p> <p>Diferentes ornamentos para a vestimenta dos personaxes.</p> <p>Micrófonos.</p> <p>CDs, cassettes.</p> <p>Libros para a biblioteca de textos dramáticos.</p> <p>Teas, complementos para as representacións.</p>	MATERIAIS	<p>Os propios da decoración de xogos.</p>
IMPACTO	<p>En toda a comunidade escolar.</p> <p>Noutras comunidades.</p>	IMPACTO	<p>Dentro e fóra da comunidade escolar.</p> <p>O Museo debería constituírse nun punto de encontro das excursións escolares que se achegaran a Ferrol desde outros puntos de Galicia. A oferta sería: visita didáctica e xogo (1 hora e media), suministro de boa información para achegarse a outros puntos reseñables da bisbarra, ofrecemento do Pavillón Polideportivo (chuvia).</p>

5. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO (Cont.)

5.1. PLAN DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA

ANEXO I DESENVOLVEMENTO DUNHA EXPOSICIÓN			
TÍTULO	UN NOVO AMIGO E UN NOVO LIBRO, AVENTURAS POR DESCUBRIR.		
OBXECTIVOS	Crear novos lazos de amizade no Colexio. Promocionar a lectura en lingua galega.	ACCIÓNS	<p>EXPOSICIÓN A exposición será na planta baixa. Comezará no corcho da entrada e dará a volta á planta, incluíndo os cristais da esquerda e da dereita da porta de entrada. As fotos irán montadas sobre unha tira de 20 cm de ancho de papel branco continuo. Este papel branco pode ser decorado con rotuladores. Debe constar debaixo de cada foto o nome dos nenos e o título do libro. As fotos poden ser reveladas nunha tenda de fotografía en 13x18. O custe podería ser o seguinte: 85 fotos x 50 céntimos = 47'50€ aprox. A montaxe das fotos e a colocación nas paredes correrá a cargo de 5º.</p>
ACCIÓNS	<p>FORMACIÓN DAS PARELLAS As parellas formaranse pedindo aos nenos que escriban os nomes de cinco compañeiros do seu curso ou dos cursos próximos que lles sexan case que descoñecidos (nunca faláron con eles, son maiores ou máis pequenos, viven lonxe da súa casa, etc) A Xefa de Estudos e o Director confeccionarán posteriormente as parellas definitivas.</p> <p>SESIÓNS FOTOGRÁFICAS Os nenos e nenas fan as fotografías. Nas fotos teñen que aparecer dous nenos/as que apenas teñan ningún tipo de amizade, que sexan case dous descoñecidos. Os nenos/as deben aparecer cun libro nas mans, un libro que desexen ler os dous. O libro estará escrito en lingua galega (actividade incluída no Proxecto de Normalización Lingüística). Unha semana despois, haberá que saber que tal foi a lectura dos libros. Deben aparecer fotografiados de cintura para arriba. Mellor sentados cun fondo claro. De cada parella de nenos poden facerse ata tres fotos para poder elixir unha. Non se expoñerán as fotos que deixen en mal lugar a imaxe dos nenos. Eles decidirán se se pode expoñer a foto. Os nenos poden disfrazarse ou pintarse ou saír como son. Non hai límites salvo o decoro propio dun centro escolar. As fotos poden facerse pola tarde no Salón de Usos Múltiples. Encargados da actividade: José Carlos e Beatriz (profesorado) e dous pais/nais.</p>	PARTICIPANTES	Todos os nenos e nenas do Colexio.
		TEMPORALIZACIÓN	Que todos os interesados coñezan o proxecto: 01-03-08. Que se formen os equipos (profesor+pais/nais; 4 nen@s de 5º): antes do 15 de marzo. Comezo das sesións fotográficas: 20-03-08. Remate das sesións fotográficas: 10-04-08 Montaxe: antes do 30-04-08.
		LUGAR	Corredor da planta baixa do Colexio.
		MATERIAIS	Cámara fotográfica. Trípode. Papel continuo e pinturas. Software informático.
		IMPACTO	En toda a comunidade escolar

Este Proxecto lingüístico foi aprobado polo Claustro de Profesores e o Consello Escolar do C.E.I.P. Esteiro o día

En Ferrol, a

Asdo. José Carlos Bellido Herrero
Director

Asdo. Mercedes Garrote Díaz
Secretaria